

# Programa de acollida CEIP VICENTE RISCO

Curso 2020 -2021



# **PROGRAMA DE ACOLLIDA**

## **CEIP VICENTE RISCO 2020-21**

## Contextualización

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás Instrucións citadas e ao Programa de Acollida Covid 19 do Ceip Vicente Risco publicado na páxina web: [www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenterisco](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenterisco) para o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 10 de setembro.

## a/ Novas normas de organización e funcionamento do centro

Seguindo o Plan de Adaptación do Ceip Vicente Risco achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

## Entradas e saídas

O obxectivo desta proposta é evitar as aglomeracións tanto nas entradas como nas saídas. O funcionamento depende no cumprimento estricto das normas e dos horarios tanto do persoal como das familias. Para evitar un número innecesario de persoas cada alumno ou alumna só debe vir acompañado por un adulto e si é posible un adulto podería acompañar a varios alumnos ou alumnas. É moi importante que nin familias nin profesorado se entreteñan nas entradas ou saídas dando avisos, recados... Para iso haberá que empregar a axenda, o teléfono, a aula virtual, o correo electrónico...-

O alumando de Primaria accederá a recinto escolar sen acompañante, serán os titores/as os que os recollan nas respectivas filas.

## Programa de acollida CEIP VICENTE RISCO

---

Pídese que os acompañantes de Infantil sexan soamente un adulto por neno/a. O profesorado que teña a 1ª hora co alumnado estará á espera na fila correspondente ao curso e o alumnado unha vez entre ten que ir a súa fila e poñerse en orde. O profesorado de 1º e 2º de Primaria durante os primeiros días de curso recollerá ao alumnado na porta de entrada para orientalos e que vaian collendo posteriormente a autonomía de ir a súa fila.

**-Entrada dos pais/nais no centro:** Está limitada a un acompañante en Ed. Infantil sempre con máscara e gardando a distancia de seguridade. Con carácter xeral os pais/nais de primaria non poden entrar.

### **HORARIOS DE ACCESO 10 DE SETEMBRO:**

Para unha mellora da organización do centro debido ás novas medidas do Covid19 e para que o alumnado interiorice ben onde se teñen que colocar e cales serán as circulacións polo centro establecemos un horario diferenciado de entrada para este día:

#### **Infantil:**

4º de Infantil: a titora consensuará coas familias antes do día 10 de setembro o período de adaptación deste alumnado.

5º : entrará ás 09:00 e será orientado polo profesorado pertinente e axudado polo profesorado de garda se é o caso.

#### **Primaria:**

1º e 2º ás 9:00 horas

3º as 09:00 horas

A SAÍDA será coma sempre, respectando os horarios de comedor e o que será a recollida de alumnado habitual.

### **HORARIOS DE ACCESO 11 DE SETEMBRO:**

Para unha mellora da organización do centro debido ás novas medidas do Covid19 e para que o alumnado interiorice ben onde se teñen que colocar e cales serán as circulacións polo centro establecemos un horario diferenciado de entrada para este día:

#### **Infantil:**

4º de Infantil: a titora consensuará coas familias antes do día 10 de setembro o período de adaptación deste alumnado.

5º de Infantil e 6º de Infantil : entrará ás 09:00 e será orientado polo profesorado pertinente e axudado polo profesorado de garda se é o caso.

#### **Primaria:**

1º e 2º e 3º ás 9:00 horas

4º - 5º ás 09:15 horas

6º ás 9:30 horas

### **14 setembro ata o final do curso académico 2020-21:**

#### **ENTRADAS:**

##### **Infantil**

Entra ás 9:00 horas acompañados por un adulto con máscara seguindo o camiño de entrada e saída

4º de Educación infantil acollerase a este horario cando remate o período de adaptación

##### **Primaria:**

8:50 entrarán e por este orde 6º, 5º e 4º

## Programa de acollida CEIP VICENTE RISCO

---

8:55 entrarán e por este orde 3º, 2º e 1º

### **SAÍDAS:**

#### **Infantil**

Sae ás 13:55 horas e serán recollidos por un adulto seguindo as instrucións establecidas ou irán a quenda de comedor.

#### **Primaria**

14:00: 3º, 2º e 1º

13:55: 6º, 5º e 4º

4º/5º de Educación Infantil e Primeiro e Segundo de Primaria entrarán e sairán por unha porta (porta habitual de entrada e saída destes cursos ao lado do ximnasio), fronte a Terceiro, Cuarto, Quinto e Sexto de Primaria que o farán pola outra, ademáis de 5º-6º de Infantil (porta principal de entrada destes cursos)

Tanto a entrada como a saída farase de xeito escalonado. Para iso marcaremos zonas no patio onde os nenos/as esperarán na súa fila e irán entrando por orde, de xeito que ao entrar laven sempre as mans con xel hidroalcohólico. Nas entradas será no 1º trimestre o profesorado que teña aula co alumnado o que acompañe aos mesmos/as. Posteriormente según a situación do COVID 19 iremos facendo as variacións convintes.

Nas saídas os nenos e nenas de Infantil e de Primeiro a Cuarto de Primaria sairán acompañados polo último mestre que estea con eles e entregaralles a unha persoa autorizada ao neno/a.

Os nenos e nenas de Quinto e Sexto que estean autorizados para saír sos, farano unha vez teñan saído os outros nenos/as. Os non autorizados para saír sos baixarán acompañados polo último mestre que estea con eles e entregaralles a unha persoa autorizada ao neno/a.

A recollida farase pola ENTRADA PRINCIPAL DO CENTRO.

A meirande parte do noso alumnado queda ao comedor, que será en dúas quendas e sairá do centro ao remate do mesmo, agás que se queden directamente a alguna actividade extraescolar (AÍNDA QUE EN PRINCIPIO NON VAI A HABELAS).

## Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo

4º-5º Educación Infantil e Primeiro e Segundo de Primaria entrarán e sairán por unha porta, fronte a Terceiro, Cuarto, Quinto e Sexto de Primaria e 5º-6º de Infantil que o farán pola outra.

Utilizaremos sempre o sentido da dereita. O alumnado e o profesorado irá tanto polos corredores como polas escaleiras sempre pola súa dereita. Isto estará determinado con sinalización no chan e será indicado ao alumnado dende o 1º día de comezo das aulas.

## Uso do comedor

O protocolo de entrada e saída do comedor será o seguinte:

A primeira quenda será das 14:00 ás 14:40 aprox. será a metade do alumnado que está no comedor tendo en conta que na primeira tanda irán os máis pequenos ata 3º de Primaria. Este alumnado entrará no comedor escalonadamente. Ás 13:55 para evitar aglomeracións entrarán os alumnos de Infantil e ás 14:00 o alumnado será recollido na porta ao lado da Infantil de 3 anos para poder facer a entrada no comedor. O alumnado de 1º e 2º e 3º xa virá coas mans lavadas das súas respectivas aulas, incluíndo a Infantil que a última media hora de clase será para hixienización e lavado de mans e recollida de todo o material. Haberá dúas encargadas de comedor atendendo a este alumnado, mentras que a outra quenda estará no recreo coa coordinadora de comedor e con outra traballadora do comedor atendendo a estes nenos e nenas que estarán no patio. Hai que salientar que o alumnado das aulas de 4º, 5º e 6º agardará nas pegadas que estarán establecidas ao lado da pista polideportiva para cada curso mantendo a distancia de seguridade respectiva a partires

## Programa de acollida CEIP VICENTE RISCO

---

das dúas da tarde a espera da chegada das coordinadoras. Se chove este alumnado agardará na fila dentro do pabillón.

Cando sexan as 14:40o alumnado que está no patio irá acompañado polas respectivas monitoras e se irán poñendo en fila mantendo a distancia de seguridade pola porta en fronte de dirección e agardando que se faga unha desinfección dos pupitres individuais nos que estarán os de Primaria mantendo a distancia de seguridade. Agardando tamén que o outro alumnado saia pola outra porta acompañado polas respectivas monitoras.

Serán as coidadoras as que axudadas por este alumnado limpen con papel desbotable e desinfectante os pupitres (as coidadoras utilizarán o difusor para poñer o desinfectante nos pupitres nos que estará o alumnado de Primaria e estes axudarán a súa desinfección). Mentras que Infantil como según a normativa salienta que “o alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen respectar a distancia anterior separando os grupos por 1,5 metros un de outro” realizará o seu periodo de comedor no espacio separado dos de Primaria máis de 1,5 metros de separación dos mesmo, e 1,5 metros de separación do grupo de Infantil 4º e 5º de 5º-6º de Infantil respectivamente. Formando grupos estancos os dous de Infantil, separándose entre si.

O alumnado de Infantil será recollido ás 15:50, se non chove pola porta de entrada do centro e se chove pola porta pequena de acceso ao pabillón, facendo a mesma saída para o outro alumnado de Primaria que irán sendo entregado dos máis pequenos aos maiores respectivamente.

Os días de choiva o alumnado de Infantil estará no ximnasio cuberto, dividido en dous grupos estancos cando saian do comedor e 1º, 2º e 3º estarán no pabillón cuberto divididos tamén en dous grupos. Unha vez remate a segunda quenda o alumnado desta quenda axudará a desinfectar novamente as súas mesas coa axuda da coidadora de comedor e sairán ao patio para agardar a entrega.



## Instrucións xerais:

As familias non accederán dentro do edificio á hora de entrada. Soamente se accederá a secretaría ou dirección no seu horario de atendimento (que estará dispoñible para as familias a través da aplicación Tookapp) no momento que todo o alumnado xa estea dentro das aulas. Será o conserxe neste caso o que axudará no acceso as respectivas persoas que queiran acceder ao centro.

Non se permite que a familia e o alumnado quede formando agrupacións nos patios ou que estes últimos queden a xogar nos mesmos.

Asemade, informárase ás familias da necesidade da responsabilidade persoal de non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar.

O número de profesores de garda precisos para facer efectiva a entrada e a saída do recinto escolar en condicións de seguridade, é a totalidade do equipo docente segundo o seu horario lectivo ante esta situación do Covid.

**Agrupacións:** Grupos de Convivencia Estable cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersoal de forma estrita. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos, o que non faría necesario gardar a distancia interpersoal de 1 metro en aula.

**Titorías coas familias:** preferiblemente a través de vías corporativas e telemáticas co uso da aplicación CISCO WEBEX. O uso de chamadas telefónicas, dende o teléfono de centro, o envío de mensaxes a través de correo electrónico do centro ou o envío de mensaxes por ABALAR MÓBIL ou Tookapp tamén son outras opcións. En casos excepcionais poderanse levar a cabo reunións presenciais atendendo ás condicións de seguridade e utilizando espazos habilitados para tal fin. Primárase, sempre que se poida, o uso de espazos exteriores ou nas dependencias do centro que estean próximas á entrada do mesmo.

**Xuntanzas por parte do centro educativo coa ANPA** (Reunións mensuais e extraordinarias), como para a convocatoria de Claustros, CCP, Comisións e Consellos Escolares...: correo electrónico do centro, ABALAR MÓBIL e vídeo conferencias

## Programa de acollida CEIP VICENTE RISCO

---

Webex. No seu defecto a vía telefónica do centro tamén pode ser canle de solicitude de xuntanzas.

Uso de máscara no centro: Máscara obrigatoria para o alumnado de 1º de primaria en adiante e altamente recomendable para o alumnado de educación infantil.

As aulas estables a nivel de centro actuarán como "fogar" no que o alumnado poderá sacar a máscara. Nos diferentes espazos do centro o uso da máscara será obrigatorio (corredores, biblioteca, patios, baños...) As mestras de EI poderán facer excepcións segundo as necesidades do seu alumnado se así o precisan para favorecer a adaptación e familiarización co uso da máscara (a lei contempla que non é de carácter obrigatorio no alumnado menor de 6 anos).

Normas para a realización de eventos: este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica non se celebrará o Festival de Nadal ou actos masivos como o Samaín ou Magosto. As saídas didácticas, se se considera oportuno por parte do equipo docente, poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as normativas de transporte.

Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os numerosos recursos que ofrece a contorna próxima.

Aforos: A limitación de aforo para os baños será a un usuario, e para controlalo haberá un sistema de "semáforo", que indicará se o baño está libre ou non.

Recreos: manterase o mesmo o horario pero dividirase o patio en diferentes espazos para cada unha das clases.

Merendas: deben ser na aula, porque será o momento no que saquen a máscara para poder realizala.

Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

A medición da temperatura debe ser na casa igual que a enquisa de síntomas. É unha responsabilidade individual das familias, nos centros non debe medirse a temperatura

por problemas de aglomeracións e de estigmación dos posibles casos de temperaturas superiores a 37,5. Ademais disto as familias teñen que cubrir e entregar unha declaración responsable, dende a consellería están a facer un modelo para poder enviar a través de abalar móbil.

## **b/ Actuacións de prevención, hixiene e protección**

- Corresponde a empresa de limpeza actual do centro, MANTELNOR, xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire.
- Creación Equipo Covid que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021 Ceip Vicente Risco.
- Determinación do espazo de illamento COVID: O espazo de Illamento Covid será o espazo situado ao lado de dirección (na antiga secretaría). Este espazo tal como demanda o protocolo designado pola consellería contará con: ventilación adecuada, solucións hidroalcohólicas, papeleira de pedal e panos desbotables.
- Medidas xerais de protección individual recollidas no Plan de Adaptación.
- Rexistro e inventariado e protocolo de compra e difusión do material de protección recollidas no Plan de Adaptación.
- Xestión de GROMOS: recollida no Plan de Adaptación.

## Programa de acollida CEIP VICENTE RISCO

---

- Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor, segundo a cartelería recollida no Plan de Adapatación covid 19 do Ceip Vicente Risco.
- Espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica do espazo e material de traballo persoal.
- Será durante a última media hora na medida do posible cando o alumnado irá ao baño para evitar a aglomeracións, para lavar as mans.
- Seguirase facendo o uso do baño a través do semáforo. No momento en que o baño estea co semáforo en vermello non se poderá acceder. Ensinaráselle esta opción dende o primeiro día ao alumnado.
- Incluírse no horario de aula diario os momentos de lavado e desinfección de mans e “postos de traballo” ao final das actividades, do día e tras a merenda, etc para crear hábitos e rutinas de hixiene.
- No caso do alumnado con NEAE, que deben ter un aseo asignado, se deixará o baño do ximnasio para eles.
- Establecer como rutina de aula a limpeza dos espazos de traballo individual por parte do alumnado ao rematar a xornada. Esta tarefa farase baixo a supervisión dunha mestra.
- Realizar a psicomotricidade e outras actividades de aula, sempre que a climatoloxía o permita, ao aire libre.
- O Equipo Docente pasará polas aulas á chegada ao centro e antes da reunión inicial, para abrir as fiestras e ventilar antes do inicio da xornada. Igualmente

quedarán abertas durante a xornada se o tempo o permite e durante o recreo ou sempre que se realicen actividades fóra da aula.

## **Medidas específicas para grupos estables de convivencia**

En educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarse dende o centro das cadeiras. Se o tamaño da aula non permitise as distancias previstas nos parágrafos anteriores adoptaranse as seguintes medidas:

Retírase o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento posible e en todo caso garantir un mínimo dun metro.

Sempre que sexa posible, utilizaranse aulas alternativas de especialidade que teñan maior dimensión, tales como, aulas de música ou similares.

Na etapa de Educación Infantil, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. O grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

**Os grupos estables de convivencia** terán as mesmas normas que o resto á hora de actuar cando non estean na súa aula. Deste xeito empregarán a máscara nos espazos comúns e recreo, así como nas entradas e saídas. Usarán a máscara tamén dentro da aula a partir dos seis anos e será altamente recomendable para Educación Infantil.

Dentro da propia aula establecemos as seguintes medidas:

- Terán unha bolsa con nome para gardar as máscaras cando non sexa necesario o seu emprego, cun colgador para poder colocala no gancho lateral das mesas ou as asas da propia bolsa. Tamén deberán traer 4 rolos para axudar nas desinfeccións do pupitre e do material no caso de ser necesario.

Como última medida, imporase o uso da máscara obrigatoria en todo o horario lectivo, se non fose posible a separación agás en Ed. Infantil xa que non é obrigatoria o seu uso ata os 6 anos, pero si é altamente recomendable o seu uso.

Cada alumno terá o seu propio kit básico de material de traballo (estoxo con obxectos de emprego máis común).

- Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.

- Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF, música ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e na orde de entrada/saída asignada.

- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula, e cando sexan imprescindibles e impliquen a interacción con membros doutro grupo, será preciso o emprego da máscara.

- Existirán zonas ben diferenciadas para que os alumnos poidan gardar o seu material, cando este sexa gardado de xeito grupal, o alumno/a encargado/a de material procederá á preceptiva desinfección de mans antes de levalo a cabo.

## Programa de acollida CEIP VICENTE RISCO

---

- Se é preciso que un alumno empregue a pizarra realizarase unha desinfección previa con xel hidroalcolico do rotulador que empregue ou terán o seu propio individual, que se pedirá na lista de material escolar.

- Cando teñan que facer presentacións en voz alta para todo o grupo, empregarase máscara, pois é un momento sensible para que as gotículas alcancen unha maior distancia.

Estas recomendacións permiten non variar en exceso a metodoloxía de traballo habitual no centro ao mesmo tempo que conseguen ter un pouco máis de seguridade na convivencia. Algunhas das restricións limitan á liberdade coa que habitualmente se movía o alumnado, pero a situación require dun pequeno esforzo.

Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá empregar máscara e facer unha correcta desinfección de mans.

Recoméndase que nos grupos de convivencia estables cando se fagan subgrupos estes sexan de tipo estanco, é dicir sempre formados polos mesmos membros. Dentro da propia aula establecemos as seguintes medidas:

Terán unha bolsa con nome para gardar as máscaras cando non sexa necesario o seu emprego, cun colgador para poder colocala no gancho lateral das mesas ou as asas da propia bolsa. Tamén deberán traer 4 rolos para axudar nas desinfeccións do pupitre e do material no caso de ser necesario.

Como última medida, imporase o uso da máscara obrigatoria en todo o horario lectivo, se non fose posible a separación agás en Ed. Infantil xa que non é obrigatoria o seu uso ata os 6 anos, pero si é altamente recomendable o seu uso.

Cada alumno terá o seu propio kit básico de material de traballo (estoxo con obxectos de emprego máis común).

- Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos, tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu

emprego.

- Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF, música ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e na orde de entrada/saída asignada.

- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula, e cando sexan imprescindibles e impliquen a interacción con membros doutro grupo, será preciso o emprego da máscara.

- Existirán zonas ben diferenciadas para que os alumnos poidan gardar o seu material, cando este sexa gardado de xeito grupal, o alumno/a encargado/a de material procederá á preceptiva desinfección de mans antes de levalo a cabo.

- Se é preciso que un alumno empregue a pizarra realizarase unha desinfección previa con xel hidroalcohólico do rotulador que empregue ou terán o seu propio individual, que se pedirá na lista de material escolar.

- Cando teñan que facer presentacións en voz alta para todo o grupo, empregarase máscara, pois é un momento sensible para que as gotículas alcancen unha maior distancia.

Estas recomendacións permiten non variar en exceso a metodoloxía de traballo habitual no centro ao mesmo tempo que conseguen ter un pouco máis de seguridade na convivencia. Algunhas das restricións limitan á liberdade coa que habitualmente se movía o alumnado, pero a situación require dun pequeno esforzo.

Todo o profesorado especialista que entre na aula deberá empregar máscara e facer unha correcta desinfección de mans.

Recoméndase que nos grupos de convivencia estables cando se fagan subgrupos estes sexan de tipo estanco, é dicir sempre formados polos mesmos membros.



## Uso doutros espazos (aulas especiais, ximnacios...)

No caso de aulas de desdobre (aulas de música, inglés, ximnasio, informática...) extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas. e cada alumno se hai uso de cadeiras e mesas procederá a súa correcta dinfeción antes de finalizar a clase.

O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase.

Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

As únicas áreas nas que o alumnado poderá abandonar a súa aula serán música e educación física.

## Cambio de aula

Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais.

Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.

A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo profesor á entrada da nova aula en ringleira de 1n gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación aglomeracións de alumnado .

Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

- Antes e despois de empregar os equipos informáticos será necesario que os usuarios realicen unha limpeza de mans e desinfección dos elementos de uso (teclado e rato).

## Situacións dos pupitres

Salientar que en educación infantil e na educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito **non se aplicarán criterios de limitación de distancia**. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

A forma en flor é unha das propostas establecida na reunión Xeral Autonómica de directivos.

O alumnado de valores quedará na mesma aula e o alumnado de relixión será acompañado pola mestra ata a súa propia aula, cada alumno/a coa axuda da mestra/e antes de saír da súa aula desinfectará previamente a súa mesa e cadeira,, con xel hidroalcolico e papel.Xa que é unha aula pola que pasará todo o alumnado do centro que ten esta materia, sucedendo o mesmo en calquera outra aula que sexa compartida como Música.

## Uso da máscara no centro

- Entendemos que, independentemente das recomendacións e obrigación do uso da máscara a nivel xeral, un centro educativo debe promulgar hábitos que contribúan á concienciación sobre os beneficios do emprego da máscara.

## Programa de acollida CEIP VICENTE RISCO

---

1. O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico. En Infantil é altamente recomendable o seu uso.

2. En educación infantil e en primeiro ciclo de educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Débese garantir a estanquidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo.

O Alumnado e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras dentro e fóra das aulas, coas excepcións específicas respecto do alumnado do nivel de educación infantil, de conformidade co previsto no presente protocolo.

É obrigatorio usar máscara de protección nas circulación polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc), nas entradas e saídas ao centro, nos recreos, nas entradas e saídas do comedor escolar e na estancia na biblioteca. Unicamente en Infantil o uso de máscara nestes grupos de idade cando formen grupos estables de convivencia non esixirá o uso obrigatorio de máscara nos recreos ou cambios de clase.

Recoméndase que o profesorado utilice a máscara continuamente non só pola súa función de protección senón tamén polo seu carácter exemplificante.

O uso adicional de viseiras protectoras non é obrigatorio aínda que non se prohíbe para as persoas que voluntariamente as usen.

O alumnado deberá traer unha segunda máscara de xeito obrigatorio levándoa nun estoxo, riñoneira, bolsa...

A imposibilidade de usar máscara debe ser acreditada por un médico.

## **Determinación de espazos para os residuos**

- En todos os espazos do centro haberá unha papeleira específica e diferenciada (con tapa e pedal), para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras).

- O resto de papeleiras terán o uso habitual para separar o lixo: papel, envases de plástico e lixo xeral (virutas de lapis, plásticos que non sexan de reciclaxe...)

Ademais en cada andar haberá un colector para depositar o resto de residuos.

## **c/ Acci3ns formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial**

O equipo docente formarase naquelas actividades na medida do posible que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedag3xica no caso de formaci3n semipresencial ou non presencial.

Todo o profesorado do centro ter3 unha formaci3n b3sica que lle permitir3 empregar as aulas virtuais, para mellorar o emprego das mesmas no curso 20-21.

Neste vindeiro curso se propor3 ao claustro para que participe a trav3s dunha liña de traballo do PFPP na actualizaci3n desta formaci3n.

En calquera caso, o coordinador do equipo TICs con axuda do seu equipo ser3 o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xesti3n da administraci3n, p3xina de inicio, creaci3n de cursos e subida de informaci3n b3sica), que, a d3a de hoxe, xa est3 preparada, por parte do equipo directivo para o comezo de curso cos cursos do 2020/2021 creados. O resto de funci3ns (comunicaci3n coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar acci3ns de formaci3n...) tam3n forman parte das tarefas do equipo TICs.

## Obxectivos xerais do plan de uso dos ordenadores

### Referidos ao centro

- Potenciar o emprego da informática como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe, utilizándoa de forma activa por parte dos alumnos e alumnas.
- Fomentar o uso dos medios informáticos, facilitando o acceso a esta ferramenta por parte dos alumnos e alumnas como medio de apoio e reforzo ás súas aprendizaxes.
- Facilitar a búsqueda de información e o tratamento crítico da mesma, como forma de coñecer o mundo de Internet e as súas posibilidades de acceso á información útil.

### Referidos ao profesorado do centro

- Utilizar as TIC como medio de perfeccionar a actividade docente a través da súa utilización e para mellorar o plantexamento pedagóxico a través da súa utilización.
- Empregar os ordenadores no seu traballo cotiá e para as actividades de aula.

### Referidos ao alumnado

- Utilizar programas e contornos (software educativo, páxina web e blogues) que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas de contido e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos dos mesmos.

### Referidos á comunidade educativa

- Favorecer a participación do profesorado no desenvolvemento das actividades TIC do centro.

## TRABALLO DAS ÁREAS CON RELACIÓN Á ESTRUTURA DA COMPETENCIA DIXITAL

ÁREA COMPETENCIA	OBECTIVOS
INFORMACIÓN	Identificar, localizar, recuperar, almacenar, organizar e analizar información dixital, valorando a súa relevancia e finalidade.
COMUNICACIÓN	Comunicarse en contornas dixitais (blog), compartir recursos a través de ferramentas online, colaborar con outras persoas a través de ferramentas dixitais.
CREACIÓN DE CONTIDOS	Crear e editar novos contidos (procesador de textos, presentacións,...), integrar e reelaborar coñecementos previos e contidos.
SEGURIDADE	Protección persoal de datos, medidas de seguridade.

RESOLUCIÓN PROBLEMAS	DE	Identificar necesidades e recursos dixitais, uso creativo das tecnoloxías, actualizar competencias propias e doutros.
-------------------------	----	---

## DESCRIPCIÓN DAS COMPETENCIAS DIXITAIS POR ÁREAS E DIMENSIÓNS

ÁREA COMPETENCIA	COMPETENCIA
INFORMACIÓN	Navegación, procura e selección de información.  Avaliar información.  Almacenar e recuperar información.
COMUNICACIÓN	Interactuar a través de tecnoloxías.  Compartir información e contidos.  Usar as tecnoloxías e os medios para o traballo en equipo.
CREACIÓN DE CONTIDOS	Desenvolvemento de contidos.  Integración e reelaboración.



## Programa de acollida CEIP VICENTE RISCO

---

SEGURIDADE	Protección de dispositivos.  Protección de datos persoais.  Protección do medio ambiente.
RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS	Uso creativo e innovador da tecnoloxía.  Identificar carencias en competencias dixitais.  Resolver problemas técnicos sinxelos.

## **OBXECTIVOS COMPETENCIAIS CO ALUMNADO**

- Ø Usar eficientemente os recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas.
- Ø Avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovación tecnolóxica a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.
- Ø Ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva á hora de seleccionar, tratar e utilizar a información e as distintas ferramentas tecnolóxicas.
- Ø Ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información e respectar as normas de conduta acordadas socialmente.

## OBXECTIVOS E ACTIVIDADES DO PROFESORADO

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES
<b>Favorecer e impulsar a aprendizaxe e a creatividade</b>	<p>Promover, apoiar e modelar o pensamento creativo e a innovación.</p> <p>Implicar aos estudantes na investigación de temas e resolución de problemas do mundo real usando recursos e ferramentas dixitais.</p> <p>Fomentar a reflexión dos estudantes usando ferramentas colaborativas.</p> <p>Construír modelos de coñecemento colaborativo en contextos virtuais e presenciais.</p>
<b>Deseñar e desenvolver experiencias de aprendizaxe e avaliación para a era dixital</b>	<p>Deseñar ou adaptar experiencias de aprendizaxe significativas que incorporen as ferramentas dixitais.</p> <p>Desenvolver contornas tecnolóxicas de aprendizaxe (blogs, aulas virtuais,...).</p> <p>Personalizar actividades de aprendizaxe para atender á diversidade.</p> <p>Proporcionar aos alumnos múltiples e variadas avaliacións formativas e sumativas.</p>

## Programa de acollida CEIP VICENTE RISCO

<b>Modelar o traballo e a aprendizaxe para a era dixital</b>	<p>Demostrar a fluidez dos sistemas tecnolóxicos e a transferencia do coñecemento a novas tecnoloxías e situacións.</p> <p>Usar recursos e ferramentas dixitais para apoiar a innovación dos estudantes.</p> <p>Modelar e fomentar o uso eficaz de tecnoloxías dixitais emerxentes.</p>
<b>Promover e modelar a cidadanía dixital e a responsabilidade</b>	<p>Defender, modelar e ensinar un uso seguro, legal e ético da información dixital e da tecnoloxía.</p> <p>Satisfacer as necesidades específicas de todos os alumnos.</p> <p>Desenvolver un modelo comprensivo da diversidade.</p>
<b>Comprometerse no desenvolvemento profesional e no liderado</b>	<p>Mostrar liderado demostrando unha ampla visión da tecnoloxía.</p> <p>Contribuír á eficacia, vitalidade e auto-renovación da profesión docente.</p>

# DIMENSIONES DESCRIPTIVAS DA AVALIACIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL

ÁREAS COMPETENCIA	DESCRIPTORES AVALIACIÓN COMPETENCIA
INFORMACIÓN	Navegación, procura e filtrado de información Avaliación da información Almacenamento e recuperación da información
COMUNICACIÓN	Interacción mediante novas tecnoloxías Compartir información e contidos
CREACIÓN DE CONTIDOS	Desenvolvemento de contidos Integración e reestruturación de contidos
SEGURIDADE	Protección de dispositivos Protección de datos persoais e identidade dixital Protección da saúde Protección do medio ambiente

RESOLUCIÓN PROBLEMAS	DE	Resolución de problemas técnicos sinxelos  Innovación e uso da tecnoloxía de forma creativa  Identificación de lagoas na competencia dixital
-------------------------	----	--

## Metodoloxía xeral:

- Facilitar a autonomía nos alumnos/as para o uso dos ordenadores. Non darlles todo feito. Que sexan eles/elas quen poñan o ordenador en marcha, entren no programa, saian do mesmo e apaguen o ordenador.
- Potenciar a participación de todos os alumnos/as, valorando actitudes de respecto, cooperación e integración.
- Inculcar que o emprego educativo do ordenador leva consigo traballo, aprendizaxe, actividade, diversión e esforzo. No só é para xogar.
- Realizar actividades adaptadas aos alumnos/as, e nas que cada quen poida desenvolver a actividades segundo o seu nivel, os seus ritmos de aprendizaxe e se é posible as súas aptitudes.
- Fomentar actitudes de coidado do material, coidado dos ordenadores e do mobiliario.
- Planificar a actividade:
  - o Seleccionar os programas ou recursos que se van utilizar.
  - o Prever as actividades a realizar.
  - o Planificar o número de sesións e como se van organizar.

- Integrar o traballo cos ordenadores Abalar dentro da programación do curso e dos contidos a traballar nel: Non ao traballo illado de informática.
- Enmarcar o traballo informático, sempre que se poida, dentro dunha actividades máis ampla: actividades previas, actividades na aula de informática e actividades posteriores.

## **d/ Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión**

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras.

## Programa de acollida CEIP VICENTE RISCO

---

- Por este motivo o alumnado en ocasións traballará por grupos dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras como a aprendizaxe cooperativa e manipulativa.
- Os docentes empregarán a máscara de xeito continuado e o alumnado fóra da aula tamén. Sempre, independentemente da idade. Explicarase ao alumnado que a aula é como o espazo do fogar e que para saír deste hai que poñer a máscara tal e como fan na súa vida cotiá ao saír á rúa.
- Faranse excepcións cos meniños e meniñas de EI a criterio das súas mestras, aínda que o obxectivo é que o alumnado empregue a máscara de xeito habitual fóra da aula.
- A aprendizaxe das medidas hixiénico-sanitarias serán eixo vertebrador do proceso de ensinanza-aprendizaxe da nosa comunidade educativa pola transcendencia social que ten no momento histórico actual.
- Durante a asemblea inicial dentro da aula e diariamente lembrarase, empregando a cartelería de aula, os seguintes aspectos ao alumnado:
  - ❖ Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
  - ❖ Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Valoración das entradas e saídas do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento. Prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. Valoración en grupo aula desta medida e posta en común do acontecido para establecer aquilo no que temos que mellorar.



- Seguimentos da cartelería nos accesos ás aulas e aos espazos comúns.
- Uso na dinámica de aula dos dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada e en espazos comúns.
- Medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada grupo, creación de normas de aula entre o alumnado.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van ao baño) ademais de medidas de educación sanitaria.
- Emprego de xabón e papel para secar as mans, na aula e nos espazos correspondentes coma o baño.
- Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:
  - ❑ Ao ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
  - ❑ Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.

## Programa de acollida CEIP VICENTE RISCO

---

- Manter a distancia física recomendada fóra da aula estable e dentro sempre que sexa posible.
- Empregar a máscara de protección. Informarase do uso correcto da mesma e de como poñela e sacala de xeito lúdico e manipulativo.
- Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co resto do persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso.
- Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas por parte do alumnado do profesorado e do persoal de limpeza asignado.
- Cada alumno/a traerá na medida do posible como material persoal un pulverizador que empregará para desinfectar o seu material. Esta dinámica será sistematizada no desenvolvemento habitual da aula. As mestras farán o mesmo e servirán de exemplo.
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre empregarán o espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.
- Os equipos de traballo e material manipulativo de uso común desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa, gardando corentena de 24h se é o caso.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán

## Programa de acollida CEIP VICENTE RISCO

---

unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

- *Este é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais entendemos que farán as súas achegas dentro das competencias que lle corresponden.*

Ver o documento anexo **PROPUESTA PARA TRABAJAR EL ÁMBITO SOCIO-EMOCIONAL Y LA COHESIÓN GRUPAL: emprendiendo un camino desde lo aprendido.** (Realizado pola Dirección de Innovación educativa do Goberno Vasco).